

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:30 horas do día 6 de mayo de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Sonia Méndez García, Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona M^a Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do P.S de Galicia PSOE, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira Sobrado polo Grupo Municipal do BNG, dona Elva Anido Anido en substitución do Interventor Xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, pola Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Tamén asisten ao acto dona Carmen Carballedo Fernández, don José Vidal Penelas e don Julio Castro Osomo, en representación de AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A

Abre a sesión a sra Presidenta e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura a un informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación celebrada o 12 de febreiro de 2015 emitido conxuntamente pola letrada asesora, o interventor xeral e mailo xefe do servizo de contratación relativo a posibilidade de admisión da proposición presentada pola empresa SALAMANCA TRANSPORTES, S.A, a vista do cal os membros da mesa están de acordo en solicitar informe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que acordan a solicitude do devantido informe polos trámites legalmente regulamentarios.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo.: Sonia Méndez García



O SECRETARIO

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei